

Paulo MARTÍNEZ LEMA

Delirio fundacional

*de como os dedos poden invocar sobre o coiro a máis fermosa das tempestades
de como as eguas poboaron as sombras do mosteiro
mentres o chamán profería berros grandísimos e exaculaba ríos de bronce*

ogallá pois todos os días nos reincorporásemos ao mundo baixo o imperio do sol e do riso, como quen vive perpetuamente contaminado pola loucura de abril, coma quen sente cada mañá as ferverzas do sangue a anegar as mansións internas
ogallá todos os días pronunciásemos palabras grandes, tenaces, violentas mais, ante todo, palabras infectadas dunha alegría irredutíbel como os sotaques do oeste

*e agora
de como o sangue se acumula nos límites do ollo e a boca sabe ao pan granítico
doutroa
de como os corvos e as lagoas e as feridas
de como canta Rónan Ó Snodaigh e de como Torvo Donohue xace esnaquizado
mentres se desboca o día e medra o bidueiro*